



DISPOSICIÓN DERRADEIRAS

XI. DISPOSICIÓNS DERRADEIRAS

Primeira.-*Modificación da lei 5/2001, do 28 de xuño, de réxime xurídico das concesións na illa de Ons.*

Modifícase o artigo 9 da lei 5/2001, do 28 de xuño, de réxime xurídico das concesións na illa de Ons, que queda redactado como segue:

“Artigo 9.- Taxa pola utilización privativa do dominio público.

“1.- As concesións concedidas ao abeiro do disposto nesta Lei, quedan suxeitas ao pagamento dunha taxa anual pola utilización privativa dos inmobles existentes na Illa de Ons.

2.- Respecto á regulación dos elementos esenciais da taxa e a determinación das súas tarifas estarase ao disposto na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.”

Segunda.-*Desenvolvemento da lei.*

Facúltase a Xunta de Galicia para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento e a execución de canto se prevé nesta lei.

Terceira.-*Vixencia.*

As disposicións desta lei terán vixencia exclusiva para o ano 2011, agás os artigos 51 e 59 e a disposición adicional quinta e a disposición derradeira primeira, que terán vixencia indefinida.

Cuarta.-*Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2011.

